# CANTIGA O RIO DONSAL

Baixa, baixa río baixa,
Baixa do monte en Quintá,
Rega nos  prados verdentos
Que hasta o Navia has de chegar.

Pasa os pontigos e soutos,
Fai ruxe, ruxe o baixar,
Danos luz e moi o trigo
E as troitiñas  pro xantar.

Meu Donsal, río querido,
Auga pura en liberta,
Fas o ben nesta comarca,
E  despois morres  no mar.

Quintá. Couso i a Cortella
Dende o alto o ven pasar
I a Fervenza de Sevane,
I en Cabana i en Buisan.

Verdes prados, herbas verdes,
Con  sendeiros e camiños,
Con  nogais e castiñeiros,
Con pallozas i os muíños.

Natureza, historia e xente,
Auga pura  e soidade
Un sendeiro no Donsal
Chama por a humanidade.

**Autor: Alfredo González Vilela   B-02-04-2014**